



Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 13 de febreiro de dous mil seis ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda.

## LISTA DE ASISTENTES

Dª .Margarita Estévez Toranzo  
Dª.Mª Teresa Iglesias Randulfe  
Dª.Nuria Andión Rodríguez  
D. David Basalo Domínguez  
D. Federico Fernández Fernández  
D. Ramón A. Fernández Sobrino  
D.Juan Pablo Hervés Beloso  
D. Javier Rodeiro Iglesias

## DESCULPA ASISTENCIA

Dª. Inmaculada Anaya Revuelta  
D. Francisco X. Lores Ínsua  
D. Juan Carlos Prado Prado

O luns, día **13 febreiro de 2006**, ás 12:00 horas, na Sala de Xuntas da reitoría, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 7 de xuño de 2004.
2. Informe da Presidenta.
3. Substitución dos membros do Claustro Universitario que perderan a súa condición.
  
4. Aprobación, se procede, do calendario e do procedemento para a elección de Reitor.
5. Aprobación, se procede, do calendario e do procedemento para a elección de membros do Claustro Universitario.
6. Aprobación, se procede, do calendario e do procedemento para a elección de representantes nos Consellos de Departamento.
7. Aprobación, se procede, da ubicación de mesas electorais para o sector de Persoal de Administración e Servizos nas eleccións a reitor e ao Claustro Universitario.
8. Rogos e preguntas.

**Punto 1.-** Aprobación, se procede, da acta da sesión do 7 de xuño de 2004.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.-** Informe da Presidenta.

A Presidenta informa do resumo dos resultados das eleccións de representantes de estudantes no Claustro Universitario celebradas en maio de 2004. (Anexo I)

**Punto 3.-** Substitución dos membros do Claustro Universitario que perderan a súa condición.

A secretaria xeral informa da relación de claustrais que a Mesa do Claustro deu de baixa. (Anexo II)

Acórdase dar de alta como claustrais aos que figuran como primeiros suplentes. (Anexo II)

**Punto 4.-** Aprobación, se procede, do calendario e do procedemento para a elección de Reitor.

Apróbase por asentimento o calendario e o procedemento para a elección de reitor. (Anexos III e IV respectivamente).

Como interpretación do artigo 17.1 do procedemento para a elección de reitor, acórdase enviar un escrito aos candidatos proclamados no que se indique que o prazo para enviar o equipo e as liñas xerais do programa remata o venres, 5 de maio, ás 14:00 horas.

**Punto 5.-** Aprobación, se procede, do calendario e do procedemento para a elección de membros do Claustro Universitario.

Apróbase por asentimento o calendario e o procedemento para a elección de membros do claustro universitario. (Anexos V e VI respectivamente)

**Punto 6.-** Aprobación, se procede, do calendario e do procedemento para a elección de representantes nos Consellos de Departamento.

Apróbase por asentimento o calendario e o procedemento para a elección de representantes dos estudantes nos Concellos de Departamento. (anexos VII e VIII respectivamente)

Apróbase por asentimento o calendario e procedemento para a elección de representantes do persoal docente e investigador a tempo parcial non doutor, de investigadores en formación e do persoal de administración e servizos nos Consellos de Departamento. (Anexos IX e X respectivamente)

**Punto 7.-** Aprobación, se procede, da ubicación de mesas electorais para o sector de Persoal de Administración e Servizos nas eleccións a reitor e ao Claustro Universitario.

Apróbase a ubicación das mesas electorais para o sector de persoal de administración e servizos nas eleccións a reitor e Claustro Universitario. (Anexo XI)

**Punto 8.-** Rogos e preguntas.

Non hai nin rogos nin preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:30 horas do día 13 de febreiro de 2006 da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co visto e prace da Presidenta da Comisión Electoral.

A Presidenta da Comisión Electoral

A Secretaria da Comisión Electoral

Margarita Estévez Toranzo

M<sup>a</sup> Teresa Iglesias Randulfe